

# GAPSI, S.L.



"A partir dun problema familiar detectei que a gama de enfermidades relacionadas con demencia senil, Alzheimer e cancro ten moi pouca cobertura a nivel de axuda psicolóxica"

*Mercedes Tasende Rojo*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Gabinete de apoio psicolóxico
<b>Sector de actividade</b>	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
<b>Nº empregados</b>	4
<b>Inversión inicial</b>	21.000€
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado da seguinte forma: <ul style="list-style-type: none"><li>- Subvención a fondo perdido da Consellería de Familia (6.000 €)</li><li>- Crédito subvencionado (12.000 €)</li><li>- Fondos propios (3.000 €)</li></ul>
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Vigo, Pontevedra
<b>Ano creación:</b>	2002

## Descrición do proxecto

Comezou sendo un gabinete de axuda psicolóxica para enfermos de Alzheimer, demencia e cancro. Agora temos tamén un convenio coa Consellería de Servizos Sociais para axuda a domicilio a través do cheque asistencial.

Combinamos servizos de axuda a domicilio (atención no fogar, ás persoas maiores) con servizos de enfermería e psicoloxía.

Os servizos que se prestan con cheque asistencial van dirixidos a persoas maiores de 65 anos con disfuncionalidades psíquicas e/ou físicas. A Consellería de Servizos Sociais subvenciona o 70% do custo da hora (ao que nos asignamos unha tarifa de 6.60 €).



## Datos empresa

### Claves do éxito

Trátase dunha idea innovadora que dá resposta a unha necesidade non satisfeita. Sobre todo, existía mercado para este servizo.

En canto á estratexia comercial para captar clientes, non tiven que gastar nada en publicidade, senón que os meus pacientes chegaron sempre a través do boca-ouvido.

Outra das claves é a diversificación: se ves que o teu terreo se queda pequeno, hai que complementalo con outros servizos (cheque asistencial, etc.). Iso é algo que se ve cando a empresa está en marcha, pero hai que saber estar preparado para reaccionar con rapidez.

### Situación actual


Na actualidade teño contratados un asistente social e dous auxiliares a domicilio.

De momento quero consolidar o apoio psicolóxico do gabinete aos tres colectivos mencionados (demencia, Alzheimer e cancro).

Nun futuro, queredría potenciar e captar má is clientes pero sempre baixo o prisma do apoio psicolóxico e o cheque asistencial.

### Perfil cliente

Persoas afectadas con este tipo de síndrome ou patoloxías. De momento, segue sen haber axuda para estes enfermos e teñen que asumir todo o custo. Teño experiencia noutros campos, como enfermos de Crohn (son voluntaria na Asociación de enfermos de Crohn) e tamén se atopan bastante desprotexidos.



## Idea inicial

A idea xurdíume a partir dun problema familiar que nos fixo ver que a gama de enfermidades relacionadas con demencia senil, Alzheimer e cancro ten por desgracia moi pouca cobertura a nivel de axuda psicolóxica.

Fora ADL do concello de Porriño, e os técnicos da Mancomunidade de Vigo me comentaron que estaba previsto o inicio dun Seminario de Planificación Empresarial no que podería contrastar a viabilidade do meu proxecto.

## Principales dificultades y amenazas futuras

En canto ás dificultades iniciais, as principais foron os problemas de financiamento do investimento necesario, a procura dunha boa localización física do local (que estivese no centro, ben comunicado con medios de transporte públicos, etc.) e a adaptación do horario ás necesidades do cliente.

No futuro, temo a competencia, por iso en canto detectas unha idea innovadora é sumamente importante ser o primeiro en desenvolvela, ser o pioneiro nese mercado porque desa forma conséguese ter unha maior capacidade de absorción dese mercado, e capacidade de reacción para adaptarse aos cambios. En teoría, a competencia é unha ameaza, pero creo que se dás un bo servizo a un prezo razoábel, a xente é moi fiel. Neste sentido, aínda que teña moito traballo, sempre aplico eu mesma a terapia, é algo que nunca delego, e é a mellor forma de fidelizar aos meus clientes.

## Perfil promotores

Licenciada en Psicoloxía e Diplomada en Enfermería. Traballou en empresas de selección de persoal, no concello de Porriño como psicóloga, en alcaldía, en proxectos e escolas taller, etc.

## Aptitudes necesarias

- Boa formación e capacidade profesional.
- Capacidade de comunicación para acceder a calquera tipo de estamento público con seguranza.
- Coñecer ben o mundo laboral no que te desenvolves e a cultura empresarial da zona.



## Guía de Actividad

**Despachos profesionais** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**A independencia que proporciona    Dedicarme ao que me gusta**

## Formación

### **¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

Si, un Seminario de Planificación Empresarial, cursos sobre creación de empresas, orientación laboral, cursos de especialización sobre varios temas (lexislación laboral, informática, Internet, mercado laboral da zona, etc.).

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Creo que todos os emprendedores deberíamos coñecer os problemas cos que nos imos atopar e como podemos ir resolvéndoos (xestión da tesourería semana a semana, problemas con provedores, captación de clientes, etc.)

## Anecdótico

Nalgúns sectores do mundo da empresa, todo está orientado e dirixido a empresarios en xénero masculino, e ás veces se fai moi patente o pouco apoio que recibes. É necesaria unha boa dose de autoconfianza e espírito de loita para facerse valer en determinados entornos.

